

TRIBUNAL DE SELECCIÓN PARA O ACCESO EN PROPIEDAD DE 2 PRAZAS DE INSPECTOR/INSPECTORA PRINCIPAL DA POLICÍA LOCAL PERTENCENTES AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO/A DO CONCELLO DE LUGO EN QUENDA DE PROMOCION INTERNA. (OEP 2022 E OEP 2023) CONSTITUCIÓN DO TRIBUNAL E FASE DE CONCURSO.

Dona Ana María Rivas García, Secretaría Xeral do Pleno, como secretaria do Tribunal constituído o pasado día 11 de xuño de 2025 cos funcionarios/as designados por acordo da Xunta de Goberno Local en sesión de data 12 de febreiro de 2025 para formar parte do Tribunal cualificador do proceso selectivo para o acceso en propiedade a dúas prazas de inspector/a principal da Policía Local pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo en quenda de promoción interna (1 pertencente á OEP de 2022 e 1 pertencente á OEP de 2023), segundo a convocatoria realizada por Decreto nº 7184/2024 de data 02.08.2024, publicado no "Boletín Oficial da Provincia de Lugo" núm. 184 de 9 de agosto de 2024,

COMUNICA:

Que no día de onte, se rexistra de entrada no xeral do Concello de Lugo co número 202599900014104 Entrada de rexistro: 16/06/2025 15:19 escrito suscrito pola vogal suplente dona Patricia Fanego Candia, técnica media do Concello de Sarria no que indica que *Por motivos persoais, abstéñome de formar do referido tribunal.*

Tendo en conta que ó obxecto da próxima sesión do Tribunal consiste na elaboración e realización do primeiro exercicio que consistirá nun cuestionario tipo test de 120 preguntas, máis 12 preguntas de reserva, relacionadas co programa do temario de materias específicas e coa finalidade de que dita elaboración se efectúe por catro membros do tribunal con dereito a voto, procede o chamamento a outro membro suplente dos designados pola Xunta de Goberno Local, en concreto o suplente do primeiro vogal, Don Miguel Martínez Díaz, Inspector da Policía Local de Monforte de Lemos.

Proponse ao Tribunal, a convocatoria dos aspirantes á realización do primeiro exercicio da fase de oposición -cuestionario de 120 preguntas tipo test- o día 25 de xuño de 2025 ás 16.30 horas na Aula de Novas Tecnoloxías sita na Praza de Anxo Fernández Gómez nº 4 de Lugo. O Tribunal reunirase as 12.00 horas do mesmo día, na secretaría xeral do Concello de Lugo, para a preparación do exercicio asumindo o novo membro do Tribunal dos designados pola Xunta de Goberno Local, a elaboración das preguntas relativas aos temas 1 a 20 da parte específica do temario.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE.